

Aventura de crecer,
desafío de educar



Fundación
Preescolar na Casa
Espazos Educativos



Obra financiada por:



XUNTA DE GALICIA
Secretaría Xeral de Política
Lingüística

Fundación Preescolar na Casa
Garaballa de Arriba ,9 · 27003 · Lugo
Tfno. 982 216 001 · Fax 982 202 781
correo@preescolarnacasa.org

www.preescolarnacasa.org

Memoria curso 2009/2010



Fundación
Preescolar na Casa
Espazos Educativos

Memoria Curso 2009/2010

Fundación Preescolar na Casa

ÍNDICE

Pax.

1. Introducción	
1.1. Presentación. Carta da Presidenta	5
1.2. A Fundación Preescolar na Casa	6
1.3. Misión, Visión e Valores	7
2. O equipo Humano	8
2.1. O Padroado	8
2.2. O Equipo de Profesionais	9
3. A Formación	12
4. Os Servizos. Espazos Educativos	15
4.1. Servizo de Orientación a Familias	16
4.1.1. Un Bo Comezo	17
4.1.2. Primeiros Descubrimentos	18
4.1.3. Xuntos para Crecer	19
4.1.4. Outras actividades	23
4.2. Servizo de Difusión	36
4.2.1. Preescolar na Casa na Televisión	37
4.2.2. Preescolar na Casa na radio	38
4.2.3. Preescolar na Casa na rede: a páxina web	42
4.2.4. Publicacións	42
4.2.5. Participación en Mesas e Plataformas	44
4.2.6. Accións de Difusión	45
5. Os Recoñecementos	47
6. O Financiamento	50
5.1. Os financiadores	52
7. Na mellora continua	54



Carta da presidenta

APOIAR Á FAMILIA EN TEMPOS DE CRISE

Estamos a vivir tempos de crise. Crise económica, social, moral... Estamos a vivir momentos de incerteza, momentos que nos poden levar a dubidar do que ata agora tivo valor. Nestes contextos de incerteza hai aspectos que non deberían modificarse pola incidencia que teñen para saír desta crise con éxito: a infancia, a educación e, como non, a familia que soporta o peso do cambio.

Son estes momentos de crise os que nos permiten valorar o que de verdade nos alentar a seguir, a saír venturosos dos momentos difíciles. Neste balance, cómpre destacar o valor dos afectos, dos apoios de aqueles que están preto de nós, da familia. A nosa fortaleza emocional fará que saibamos afrontar a adversidade.

Nos primeiros anos, da man da nai, do pai, das persoas de referencia afectiva, desenvolvimos os aspectos máis importantes da personalidade, do comportamento que houbo de guiar o futuro. Os nosos éxitos dependeron do desenvolvemento emocional iniciado na infancia.

Apoiar a familia en tempos de crise, implica axudar a nenos e nenas a medrar física e psiquicamente sans, equilibrados e competentes; a desenvolverse plenamente como cidadáns que están a construír sociedade.

Precisamente neste tempos de crise temos que entender que a educación, os servizos educativos non son un gasto. Todo o contrario, son a mellor inversión que se pode facer de cara ao futuro.

Porque cada vez máis, nos convencemos e reafirmamos na idea de que os nenos, as nenas, precisan dos seus pais para desenvolverse,

Porque cada vez máis, nos convencemos de que nais e pais precisan capacitarse para exercer da mellor maneira posible a súa maternidade, paternidade,

Seguimos ofrecendo servizos educativos que proclaman con voz -se cabe máis forte- que protexer á infancia, na súa educación, no respecto polo seus dereitos, é a mellor forma de contribuír a crear unha sociedade sa.

Nas seguintes páxinas poderán atopar as actividades desenvolvidas pola Fundación Preescolar na Casa durante o curso 2009/2010, sempre na procura de difundir unha cultura da infancia e reforzar a competencia educativa familiar. Este é o camiño. Así nolo indican, coas súas demandas, as familias, os diversos colaboradores, o contexto social,...

Como resumo do desenvolvido durante este ano, podemos dicir que a Fundación Preescolar na Casa estivo centrada no estudo de como facer máis e mellor. No deseño de novos servizos, no afianzamento do Espazos das Familias en múltiples contextos de intervención, na continua e crecente difusión dunha cultura da infancia, no apoio firme a familias en tempos de crise para exercer de forma positiva a maternidade e a paternidade.

Ermitas Fernández Fernández
Presidenta da Fundación PnC

A Fundación Preescolar na Casa

A Fundación Preescolar na Casa traballa para que a sociedade responda axeitadamente ás necesidades da infancia.

Fundación galega sen ánimo de lucro, establécese en Lugo no ano 2001 para darlle entidade xurídica a todo unha iniciativa educativa que se viña desenvolvendo na Comunidade Galega desde o ano 1977 baixo o liderado de D. Antonio Gandoy. (1930-2002).

Foi clasificada como de interese social por Orde da Consellería de Presidencia e Administración Pública do 21 de setembro de 2001 (DOG do 10 de outubro) e declarada de Interese Galego por Orde da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, do 15 de outubro de 2001 (DOG do 29) figurando inscrita co número 2001/28.

A Fundación Preescolar na Casa traballa implementando **Espazos Educativos** centrados na orientación ás familias e desenvolvidos en colaboración con organismos públicos e privados.

As actuacións da Fundación Preescolar na Casa caracterízanse pola **Innovación, dinamismo e anticipación** desde o marco da educación non formal; pola **Calidade**, preocupación constante por ofrecer servizos de calidade que aporten valor á sociedade; polo carácter **comunitario e expansivo** co obxecto de influír na comunidade, partir dela e avanzar no seu desenvolvemento; polo **traballo en rede** e, polo fomento da **lingua e da cultura galegas**.

Misión, visión e valores

Misión

Difundir unha cultura da infancia e reforzar a competencia educativa familiar promovendo espazos educativos nos que se acompaña á familia na aventura de crecer e no desafío de educar.

Visión

A Fundación Preescolar na Casa quere ser unha institución consolidada e referente na creación dunha cultura da infancia e do papel educativo da familia

Valores

Compromiso coa educación, a cultura e o saber, como bens imprescindibles para o desenvolvemento das persoas.

Defensa e reivindicación da importancia educativa dos primeiros anos e do papel educativo da familia.

Respecto polo propio: as persoas, a lingua, o medio e a cultura.

Solidariedade cos sectores de poboación máis desfavorecidos.

Cooperación cos outros profesionais e organizacións/ institucións relacionadas coa infancia e a familia.

Compromiso coa mellora continua e a competencia profesional.

Axudar a cada pai, a cada nai a exercer a súa parentalidade de forma positiva, é a mellor maneira de conseguir unha infancia mellor e, en consecuencia, unha mellor sociedade.

O Equipo Humano



O Padroado.

Presidenta

M^a Ermitas Fernández Fernández

Vicepresidente

R. Lois Ferradás Blanco

Secretaria

M^a Soledad Fernández Rocha

Vogais

Alejandro Fernández Pumariño

Blanca García Montenegro

Francisco Javier Cairo Antelo


Ginés Fernando Plaza

Jesús Garrido Suárez

José Vázquez Portomeñe

María González González

Eugenio Otero Urdaza




O Equipo de Profesionais.



A Fundación Preescolar na Casa contou cun equipo de 60 profesionais responsables de desenvolver os distintos Espazos Educativos que se ofertan a través do Servizo de Orientación ás Familias e do Servizo de Difusión.

O 95% do equipo profesional ten titulacións universitarias do campo da educación (diplomatura en Educación Infantil, licenciatura en Pedagogía, Psicoloxía e Psicopedagogía). A Fundación tamén conta cunha Licenciada en Periodismo, unha Licenciada en Administración e Dirección de Empresas e cun titulado en FPIL.



Profesionais

Diplomad. Ciencias Educación	58%
Lic. Ciencias Educación	36%
Outras licenciaturas	4%
Outras titulacións	2%

A valoración dos espazos educativos dependen en gran medida destes profesionais que mostran unha cota do 100% de satisfacción coa misión, visión e valores da Fundación, ao tempo que manifestan ter máis en conta aos pais nos seus futuros profesionais.

Nas súas verbas:

“Só podo dicir que o mellor que me puido pasar a nivel profesional é ter a posibilidade de pasar pola Fundación Preescolar na Casa. Foi unha experiencia marabillosa. Aprendín moitísimo, e creo que grazas a iso vou ser mellor mestra na escola”

“O traballo na Fundación Preescolar na Casa brindoume a oportunidade de coñecer máis o mundo da infancia, a problemática das familias que dende a escola se ve de diferente maneira”

“Grazas á Fundación Preescolar na Casa aprendín infinidade de cousas, tanto cos meus compañeiros como coas familias e todo isto axudaráme non só a nivel profesional senón que me marcou a nivel persoal”

No Servizo de Orientación a Familias (Espazos das Familias), acción principal da Fundación, traballan o 75% dos profesionais.

Profesionais, denominados pola Fundación orientadoras (maioría de mulleres) e orientadores. Mediadores de interaccións entre adultos e nenos e promotores de reflexións educativas sobre estilos e pautas de crianza. Entusiastas e convencidas da importancia da educación como motor para a construción dunha sociedade máis xusta, respectuosa e solidaria. Defensoras da familia como primeira e principal educadora nos primeiros anos e cun coñecemento directo e empatía co mundo rural, ámbito de actuación prioritaria.

Estas profesionais reciben un alta valoración por parte das familias e colaboradores cos que traballan, onde o 98,4% das familias resaltan a amabilidade e capacidade de axuda que estes profesionais lles brindan e, o 95,5% os coñecementos e destrezas que posúen para responder ás dúbidas que se formulan.

Nas súas verbas:

"Tes un profesional que che axuda e orienta nas posibles dúbidas que poidas ter na educación dos fillos"

"As profesionais da Fundación Preescolar na Casa son persoas próximas, que ofrecen unha confianza e un asesoramento que non ofrecen outros servizos"



A Formación



“O traballo e a formación na que participei durante este curso contribuíron a miña mellora tanto profesional como persoal”

Profesional do equipo da Fundación Preescolar na Casa

O Plan de Formación correspondente ao curso 2009-10 afecta directamente a dúas liñas do Plan Estratéxico da Fundación Preescolar na Casa: Mellorar a capacitación técnica dos profesionais (Liña 5: a mellora do equipo profesional) para mellorar a calidade dos servizos. (Liña 1: a mellora da competencia educativa familiar).

Este Plan de Formación contemplou as seguintes accións para o conxunto da entidade:



Formación Inicial

“As dúas xornadas en Lugo servíronme de moita axuda ao longo de todo o curso, xa que foi o primeiro contacto coa Fundación e co seu funcionamento”

Estas palabras veñen a ser mostra do valor da formación que todas e todos os profesionais que se incorporan á Fundación reciben no momento da súa incorporación.

Coñecer o que implica o traballo a desenvolver e como facelo e a mellor maneira de garantir un servizo de calidade.

Esta formación comprende unha inmersión teórica e práctica, a través do acompañamento a outras profesionais do equipo de traballo onde vai desenvolver a súa labor.

Formación Continua

Un dos principios básicos da Fundación é a consideración da formación como un aspecto clave para o desenvolvemento das persoas e da sociedade. Isto fai que se desenvolvan actividades formativas que teñen por obxecto dar resposta ás necesidades do equipo de profesionais.

Baixo o título **“Que educación para que persoa”** englobáronse os diferentes contidos e actividades formativas que se desenvolveron ao longo de 30 horas lectivas.

Os obxectivos desta actividade foron:

- Afondar nas implicacións que ten a concepción da educación para a actuación profesional.
- Analizar distintos enfoques da atención á infancia.
- Concretar aspectos a ter en conta na relación adulto-nena/ neno para favorecer o seu desenvolvemento

Para acadalos organizáronse:

a) Sesións con relatores:

- **Que educación para que sociedade: as misións pedagóxicas.** Impartida por Uxío Otero Urtaza. Profesor da Escola de Maxisterio de Lugo e padrón da Fundación Preescolar na Casa.
- **Apoio as familias na etapa 0-1.** Impartida por Araceli Álvarez Vidal e Belén Ruso de Lago. Psicólogas e orientadoras da Fundación Preescolar na Casa.
- **Aproveitamento dos recursos do contorno.** Impartida por Victoria Dopazo Míguez. Mestra e orientadora da Fundación Preescolar na Casa.

O feito de que a maior parte destes relatores foran integrantes do equipo de Preescolar na Casa permitiu aproveitar as fortalezas do propio equipo e partir do coñecemento directo das necesidades e peculiaridades da intervención.

“Compartir o que facemos entre nós, que somos os que mellor coñecemos o funcionamento do noso traballo é o que máis nos pode enriquecer”

b) Comisións de traballo.

- **A intervención en contextos desfavorecidos.** Contouse co apoio de dúas axentes externas que traballan con estes colectivos: Ruth León (Colectivo Xitano Lugo) e Pilar Álvarez (Cáritas Lugo)
- **Aproveitamento educativo dos recursos do contorno.**
- **A intervención con familias durante o embarazo e no primeiro ano de vida.**

Formación valorada de maneira positiva cunha satisfacción do 86%, referíndose fundamentalmente ao *“interesante e enriquecedora que resultou, aportando aspectos teóricos e prácticos moi útiles para o traballo directo coas familias”*.

Nas súas palabras:

“Aínda que algunhas cousas non son novas, axudou a afondar no que xa coñecíamos partindo da propia actuación”.

“É moi interesante a aprendizaxe conxunta a partir das experiencias de cada un”

Actividades formativas supervisadas polos CEFORE

Grupo de Traballo: “Espazos Educativos das Familias”. CEFORE de A Coruña. 50 horas. Contou con dúas sesións con relatores:

- Actividades con material de refugallo para crianzas de 0 a 3 anos. Impartida por Viqui Dopazo. Fundación Preescolar na Casa.
- A música e os contos. Impartida por Gloria Mosquera e Diego Maceiras. Grupo musical Mamá Cabra.

Formación on-line

Cursos gratuítos á distancia ofertados como Formación Continua dentro dos cursos subvencionados (Orden TAS/2307/2007) e impartidos por TAG Formación:

- Xestión de Recursos Humanos. 77 horas.
- Informática completa. 100 horas.
- Intelixencia emocional. 77 horas
- Intervención educativa en alumnos con déficit de atención. 77 horas.

Formación en Calidade

Continuouse coa formación en auditorías internas, vía para mellorar a calidade dos servizos e consolidar o sistema de xestión de calidade implantado na entidade desde o ano 2007 (Liña 3 da estratexia: A mellora da calidade dos servizos con criterios de excelencia e con clara orientación ao cliente).

- A norma UNE en ISO 9001-2008 e Procesos de auditoría. Impartida por Celia Armesto Rodríguez. Responsable de Calidade da Fundación Preescolar na Casa. 6 horas.
- Curso de Formación Básica en Xestión da Calidade para

ONG. Plataforma de ONG de Acción Social. Impartido por Jorge Rivas. Intress. 14 horas.

Outras accións formativas:

Participouse nas seguintes accións formativas:

- Xestión Innovadora da comunicación interna. Impartida por Global Estratexias. 30 horas.
- Curtametraxe. Impartida por Amalgama Comunicaci3ns. 20 horas.
- Xestión da diversidade no entorno empresarial. Impartido pola Cruz Vermella. 20 horas.

Os obxectivos foron:

- Avanzar na elaboración do Plan de Comunicación Interna.
- Mellorar a calidade do traballo de gui3ns, realizaci3n e producci3n dos programas de radio e televisi3n da Fundaci3n.
- Mellorar a xesti3n.
- Ampliar coñecementos sobre captaci3n de recursos económicos.

Alumnas en prácticas

A Fundaci3n sempre est3 aberta 3 posibilidade de que alumnas e alumnos de estudos vinculados ao 3mbito educativo (universidade, formaci3n profesional, etc) realicen prácticas nos distintos servizos. Así, contamos coa presenza de alumnado do:

- Ciclo educaci3n infantil. CPR Tomás Barros. A Coruña.
- “Máster en Ciencias de la Familia: Asesoramento, Orientaci3n, Mediaci3n e Intervenci3n Familiar”. Universidade de Santiago de Compostela.

Os servizos. Os Espazos Educativos

*"Cada necesidade ten unha solución, cada solución ten un
camiño"*

D. Antonio Gandoy (1930-2002)

A través dos Espazos Educativos a Fundación Preescolar na Casa responde á necesidade de ofertar apoio educativo aos pais, ás nais, á familia, recoñecendo a importancia dos mesmos e das responsabilidades parentais.

Estes Espazos Educativos ofrécense a través de dous servizos:

1. Servizo de Orientación a Familias.

A través de diversos Espazos das Familias contribúese a comprender mellor aos nenos e ás nenas e a buscar resposta máis axeitada ás súas necesidades.

2. Servizo de Difusión.

Comprende unha ampla variedade de accións paralelas ao traballo de orientación destinadas á difusión dunha cultura da infancia.

Servizo de Orientación ás Familias

“Grazas por facerme máis fácil educar a miña filla e saber actuar nos momentos con máis dificultade”

Porque a ser nai, a ser pai tamén se aprende, a Fundación Preescolar na Casa ofrece espazos de encontro entre pais, nenos e nenas para dialogar sobre a experiencia da paternidade, da maternidade, para gozar da crianza dos fillos, das fillas, para aprender dos demais e cos demais.

Son **obxectivos** destes espazos

1. Desenvolver competencias educativas a través da información e do intercambio cos demais.
2. Promover a transferencia das aprendizaxes á vida cotiá e ao resto da familia.
3. Gañar seguridade como educadores.

A través dos distintos Espazos das Familias procúrase que as familias se recoñezan como principais educadoras, reflexionen sobre como están educando e descubran novas formas de actuación, contribuíndo a un desenvolvemento integral e harmónico dos fillos e fillas.

Nestes espazos, cada un dos profesionais atende a unha media de 81 familias tendo que realizar unha tarefa previa de análise e organización da súa área de traballo, que abarca unha media de 6 concellos

Nestes espazos promóvese e deféndese o emprego da lingua galega como forma inequívoca de valoración, extensión e fomento da cultura e do idioma galego.

A Fundación é testemuña de como o exercicio de naturalidade na utilización da lingua galega, fai que esta se insira en sectores onde non é a lingua de uso maioritario. O 91 % das familias que participan no servizo de Orientación, contestan en galego ás enquisas de satisfacción.

Ponse de manifesto que o uso diario do galego como lingua vehicular é a mellor maneira de normalizalo e valoralo. Así o reafirman as verbas dun profesional da Fundación Preescolar na Casa.

“Un elemento que eu persoalmente valoro moito, é o emprego do galego como lingua vehicular, de comunicación ... da Fundación, sempre dende o máximo respecto cara á outras linguas, xunto coa posta en valor doutros elementos propios da nosa cultura”

Nestes espazos facilítase documentación de apoio en lingua galega ás familias para que poidan afondar nos temas propostos ou noutros sobre os que teñan inquedanzas. Esta documentación permite ademais a comunicación e a reflexión sobre o tratado con outros membros da familia que non poden participar directamente nos espazos.

Espazos das Familias. Un bo comezo



Espazos pensados para familias que están esperando un fillo, unha filla. Axudan a pensar no proxecto educativo para ese fillo/a que vai chegar ao mundo, permiten paliar dúbidas, medos, inquedanzas, tomar conciencia da nova realidade que se está experimentando e animando á implicación do pai xa nestes primeiros.

“É importante ter toda a información posible que te axude na difícil tarefa de ser pai”

Organizáronse sete espazos con estas características nas provincias de A Coruña, Lugo e Pontevedra. Ao longo de seis sesións formativas abordáronse tres bloques temáticos:

- A importancia dos primeiros anos
- A familia: principal axente educativo
- O desenvolvemento do neno.

Espazos das Familias. Primeiros descubrimentos



Espazos dirixidos a familias con nenos/as de 0 a 1 anos onde se ofrece a posibilidade de descubrir e observar ao bebé a través de actividades axeitadas, ao tempo que se responde as súas interrogantes.

“É bonito compartir os primeiros momentos dunha etapa de aprendizaxe entre pais- nais e fillos”

Ter unha nova visión do neno e da súa educación; repensar as prácticas educativas a partir do coñecemento e experimentación doutras formas de facer e de educar; recoñecer as necesidades dos nenos e das nenas, son algúns dos logros conseguidos nos 20 Espazos das Familias. Primeiros descubrimentos que se desenvolveron neste período.

Espazos das Familias. Xuntos para crecer



Espazos dirixidos a familias con nenos/as de diversas idades, para reforzar a súa confianza como educadores e incrementar coñecementos e prácticas de crianza.

“Cando tes un fillo non es consciente da cantidade de dúbidas que tes. O simple feito de poder compartilas, axúdache.”

Espazos que contribuíron a entender mellor aos nenos, a involucrarse máis na educación e a relacionarse con eles de forma diferente; comprender mellor a infancia e recoñecer a capacidade da familia para educar son outros logros destes espazos.

Implementáronse 632 espazos, nos que ao longo das 17 sesións quincenais se deu resposta ás necesidades e expectativas formuladas polas familias a través dos seguinte temas: Normas e límites, afectividade, o apego, aprendizaxe, emocións, autonomía, a comunicación, o movemento, o papel do pai, o papel dos avós, as masaxes, exploración, a música, linguaxe plástica, o xogo e o xoguete, a entrada na escola, os contos.

Espazos das Familias. Periodicidade semanal



Ante a demanda continua de aumentar a periodicidade dos Espazos das Familias. Xuntos para Crecer (o 33% das familias demandan unha periodicidade semanal) e os bos resultados obtidos da experiencia levada a cabo o pasado curso, desenvóléronse seis espazos con esta periodicidade nas localidades de: Feira do Monte e Vilalba (Lugo) e Mazaricos, Camelle, Lousame e A Castellana (A Coruña).

Espazos nos que se abordan as mesmas temáticas que nas sesións quincenais, aínda que dedicándolles máis tempo e profundidade.

Espazos das Familias. Colectivos en dificultade

Achegar un servizo educativo prioritariamente a aquelas familias que, polas súas circunstancias, teñen máis dificultades para participar, foi un dos valores da Fundación dende os seus inicios.

A Fundación procura que as familias en situacións desfavorables compartan sesións de aprendizaxe con outras da máis diversa procedencia. Pero, cando isto non é posible, organízanse sesións específicas con colectivos en risco social.

Así, un curso máis, organizáronse Espazos das Familias: Xuntos para Crecer no Proxecto Home, no Colectivo Xitano e nunha Penitenciaría, coas peculiaridades organizativas derivadas das características e necesidades específicas das familias e do contexto.

Proxecto Home

Seguindo o camiño iniciado en cursos anteriores, desenvóléronse os Espazos das Familias na Comunidade Terapéutica de Cernadas (Val do Dubra) e na Comunidade Urbana de Lugo.

Nestes espazos, os asistentes amósanse moi participativos, sen medo a formular dúbidas e relatar as súas experiencias particulares, avanzando na súa percepción como pais/nais. O feito de que os nenos/as non estean presentes, permite unha atención total no desenvolvemento do tema a tratar en cada sesión.

Colectivo Xitano

Organizáronse dous Espazos das Familias con participantes de etnia xitana, en colaboración cos Concellos de Maceda e Lugo. Traballar con este colectivo, implica para as profesionais, facer un esforzo de reflexión para aprender a coñecer o mundo xitano e as súas tradicións. A colaboración con outros profesionais facilita o traballo ao servir de conexión entre as familias e o orientador/a da Fundación.

Penitenciaría

Por terceiro curso consecutivo desenvóléronse Espazos de frecuencia semanal na Penitenciaría de Teixeira (A Coruña). Participaron mulleres embarazadas, nais sen parella na prisión e parellas internas con fillos.

Apoiar educativamente ás familias que se atopan privadas de liberdade, axúdalles a asumir unha maternidade e paternidade responsable e a comprender o papel que como pais, como nais, exercen no futuro dos fillos. Atendendo ás demandas, inquiredanzas, dúbidas, preocupacións e intereses das familias, abordáronse contidos derivados da situación específica.

Espazos das Familias. Centros de Educación Infantil 0 a 3



Dentro dos Centros de Educación Infantil 0 a 3 leváronse cabo 33 Espazos das Familias. Neste Espazos, as familias reflexionan sobre a educación, aprendendo a observar, entender e, polo tanto, responder ao desenvolvemento das nenas e nenos, ao tempo que gozan da crianza.

Os Espazos das Familias desenvolvéronse en 27 Galiñas Azuis do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar e en 6 Escolas Infantís da Consellería de Traballo e Benestar. Estes Espazos foron organizados conxuntamente entre os profesionais dos centros Educativos e as orientadoras da Fundación Preescolar na Casa.

Provincia	Galiñas Azuis	Escolas Infantís
A Coruña	Boiro, Fene, Ortigueira, Cambre.	Santa Susana (Santiago), As Mariñas (A Coruña)
Lugo	A Fonsagrada, Taboada, Pantón, Valadouro, Mondoñedo, Burela, Antas de Ulla.	Paradai (Lugo); Nosa Señora Purificación (Foz)
Pontevedra	Covelo, Crecente, Portas, Campo Lameiro, Dodro.	
Ourense	A Rúa, Xinzo, Coles, Pereiro de Aguiar, Vilamartín de Valdeorras, Luintra, Castro Caldelas, Ribadavia, Bande, Muíños, Rairiz da Veiga	Antela e A Farixa (Ourense)

Con este tipo de intervención lograse facer visible e apoiar a familia como axente primordial da educación e estreitar as redes de colaboración e coñecemento entre escola e a familia. Aspectos esenciais para un desenvolvemento harmónico, pleno e equilibrado dos nenos e das nenas, para a mellora do benestar das familias e, en definitiva, para o enriquecemento da sociedade.

Outras actividades

Todo este traballo a prol da educación, da infancia, da familia, non sería posible sen a axuda voluntaria de persoas, que desde moi diversos ámbitos profesionais (educativo, sanitario e social) facilitan esta labor.

Alí onde hai un Espazo da Familia existe unha rede informal de traballadores por un ben común.

Esta colaboración cos profesionais é un elemento esencial para o aproveitamento dos recursos, o enriquecemento mutuo e a posta en marcha de actuacións conxuntas. Todas estas accións teñen como obxectivo influír na comunidade, partir dela e avanzar no seu desenvolvemento, crear unha cultura da infancia e facer ver á sociedade o valor desta.

Colaboración que permitiu desenvolver diversas actividades que complementan o traballo realizado nos Espazos das Familias:

Charlas informativas



Como reforzo ás reflexións dos Espazos das Familias organizáronse sesións de formación sobre temáticas diversas, impartidas polos profesionais da Fundación e por outros profesionais dos ámbitos sanitario, educativo e social.

Estas charlas estiveron dirixidas ás familias participantes nos Espazos das Familias e a poboación en xeral. Abordáronse os temas:

- Educamos en igualdade aos nosos fillos e fillas.
- Educación afectivo sexual
- Prevención de drogodependencias
- Educación vial e educación en valores
- Perigos en Internet
- Televisión, videoxogos e internet.
- Lactación materna
- Xogos, xoguetes e consumismo.

Cóntame un conto




Fomentar a lectura e espertar o hábito e o gusto polos libros desde os primeiros anos, son algúns dos obxectivos dos Espazos das Familias. Contar e prestar contos en galego, visitar as bibliotecas dos distintos concellos, organizar actividades de contacontos no idioma propio de Galicia e organizar obradoiros onde aprender dun xeito divertido a contar e inventar contos, foron algunhas das accións organizadas para acadar eses obxectivos.

En colaboración co Consorcio Editorial Galego e Edicións A Nosa Terra realizáronse tres sesións de contacontos nas localidades de Vilalba (Lugo), Celanova (Ourense) e A Coruña. Os personaxes dos contos “A princesa do sal”, “O parruliño bo” e “Cousas do Ratiño Pérez” serviron de animadores de excepción cara a lingua e a lectura.

Tamén nas Bibliotecas de O Saviñao (Lugo) e Caldas de Reis (Pontevedra) desenvolvéronse obradoiros destinados aos pais e profesionais da Fundación.

Xogos na auga



Reforzar o vínculo de amor e confianza entre a pai e fillo, facendo que ambos compartan experiencias ao tempo que favorecen a relación afectiva e cognitiva, son algúns dos obxectivos que moven a Fundación a organizar, unha vez máis, actividades de matronatación en distintos puntos da nosa xeografía.

Fogar seguro: accidentes infantís



Os accidentes na infancia son causa frecuente de lesións e problemas de saúde. Promover na familia coñecementos en primeiros auxilios e prevención de accidentes reduciría considerablemente o índice de mortalidade e morbilidade da poboación. Por iso, a Fundación Preescolar na Casa, organizou un obradoiro de Primeiros Auxilios Pediátricos en colaboración coa Cruz Vermella e o Concello de Aranga (A Coruña).

Arrolín, arrolán: O valor da Música



A música é unha forma de comunicación de gran valor que se debe achegar aos nenos e ás nenas dende os primeiros momentos de vida, mesmo antes de nacer. Por ese motivo, organizáronse Concertos para Bebés en Cangas do Morrazo (Pontevedra) e Monforte de Lemos (Lugo).

- “Pétala” Conto musicado no Auditorio Municipal de Cangas do Morrazo (Pontevedra) organizado pola Escola Municipal de Música “Mestre Inocente Caamaño”, o Conservatorio Profesional de Música de Cangas do Morrazo, OQO editora e a Fundación Preescolar na Casa.

Aberto a todo o público foi un xeito eficaz de dar a coñecer os servizos da Fundación ás familias que non participan nos Espazos Educativos. Para complementar o achegamento musical houbo, unha exposición de instrumentos, que permitiu aos nenos/as manipular, coñecer e descubrir novos instrumentos.

- “Arrolín, arrolán. Concerto para bebés”. No Conservatorio Musical “Mestre Ibáñez” de Monforte de Lemos (Lugo) . Unha nova edición deste evento xa consolidado dende fai varios anos e no que se contou novamente coa colaboración inestimable do persoal docente e dos alumnos do Conservatorio.

O teatro infantil



O teatro é unha linguaxe que traballa a música, o canto, a danza, o mimo, que permite acadar unha maior riqueza cultural e artística a través das distintas experiencias sensoriais (auditivas, visuais). Abre as portas á creación, ao conto...e por iso débese achegar aos nenos, as nenas dende as primeiras idades.

Nas Bibliotecas Municipais de Oza dos Ríos (A Coruña) e Caldas de Reis (Pontevedra) organizáronse sesións de teatro:

- “Zapatos”. Obra dirixida aos nenos e ás nenas de 1 a 4 anos de idade, representada polo grupo Caramuxo Teatro. Ao longo de 45 minutos pais e nenos puideron asistir e gozar dun espectáculo dinámico e atractivo para todos.

Desprázome só: o Gateo



Desprazarse gateando non só significa gañar en mobilidade. Aínda que o bebé non se decate e simplemente goce indo de aquí para alá coma un correcamiños, no interior da súa pequena cabeciña están a ocorrer cousas moi interesantes. O gateo é unha etapa moi importante porque facilita aos nenos, ás nenas moitos avances a todos os niveis.

Por iso, a Fundación Preescolar na Casa, colaborou unha vez máis co Concello de Verín, na organización e desenvolvemento dun Concurso de Gateo, reforzando a actividade lúdica coa entrega de documentación escrita sobre a importancia do gateo no desenvolvemento integral de nenos e nenas.



O Xoguete



O xoguete é un instrumento para xogar. Pódese mercar, pero tamén se pode elaborar con material de refugallo. Fabricar un xoguete para os fillos/as axuda ás familias a descubrir as súas habilidades e capacidade creativa, fortalece o vínculo afectivo entre pais e fillos a través dunha actividade en común, ao tempo que pon en valor os materiais do contorno para o seu aproveitamento educativo.

A Fundación organizou, xunto co Concello de Pazos de Borbén (Pontevedra), unha exposición de xoguetes elaborados polas familias participantes nos Espazos das Familias desta área de traballo.

Ao cole por primeira vez



A entrada na escola é un paso moi importante no desenvolvemento dos nenos e nenas. Ao saír por primeira vez do núcleo familiar para entrar no escolar atopan espazos, persoas, actividades diferentes. Levar aos nenos e nenas de visita á escola, antes de iniciar esta nova etapa, permítelles irse familiarizando co que será o seu contorno futuro de aprendizaxe.

A Fundación Preescolar na Casa, grazas a colaboración e implicación dos profesionais dos centros educativos do segundo ciclo de Educación Infantil, acompaña ás familias alí onde se van escolarizar as nenas e nenos.

As familias, as mestras e mestres e os propios profesionais da Fundación valoran de maneira positiva esta actividade que facilita o período de adaptación, esperta nas nenas e nos nenos o interese por asistir e diminúe o medo ante o descoñecido.

Espazos das Familias en cifras


Un total de 46 profesionais traballaron directamente con 3979 familias en 692 Espazos das Familias.

Desenvolvéronse Espazos das Familias en 258 dos 315 Concellos de Galicia, o que supón o 81% dos mesmos.

A Coruña	84 dun total de 94
Lugo	62 dun total de 67
Ourense	68 dun total de 92
Pontevedra	44 dun total de 62

O alto nivel de asistencia aos distintos Espazos das Familias, dun 85%, indica, unha vez máis, que o deseño educativo que se ofrece dende a Fundación Preescolar na Casa responde ás inxerencias das familias: necesidade de espazo e tempo que lles permita gozar da crianza dos fillos/as ao tempo que debaten, analizan o seu pensamento educativo e modifican ou melloran pautas de crianza.

Produciuse un 3,6% de baixas, motivadas maioritariamente por causa alleas aos servizos ofertados:



A opinión das familias:

Dunha mostra realizada co 17,3% do total dos participantes nos Espazos das Familias, destaca que o 94,8% deles manifestan bastante/moita satisfacción cos servizos prestados desde a Fundación Preescolar na Casa.

Ter unha nova visión do neno e da súa educación, reforzar a súa confianza como educadores e incrementar coñecementos e prácticas de crianza, son algúns dos logros conseguidos nos distintos Espazos da Familia, que nos permiten afirmar que os obxectivos da Fundación cúmplense satisfactoriamente.

Os aspectos máis valorados da súa participación foron:

- A utilidade por ter participado (92,1%).
- A información facilitada foi axeitada para resolver ás dúbidas como nai/pai (91%).
- Que o fillo se relacionara con outras nenas e adultos. (88,7%)
- A reflexión sobre actitudes e comportamentos educativos axeitados (88,6%)
- A aprendizaxe para ser máis paciente e tolerante co fillo/a (86,2%)
- A resolución de dúbidas respecto á educación do fillo/a (85,6%).

Támén hai aspectos que as familias valoran de xeito negativo, aspectos que teñen que ver coa organización (frecuencia e duración dos espazos, estado dos locais onde se desenvolven, horarios...) e que se intentan mellorar anos tras ano.

Nas súas verbas:

“ Compartes a experiencia da paternidade”

“Axuda na educación, comprensión e relación pai-nai-fillos”

“Tempo que se aproveita para falar con outros pais sobre o neno”

“Aprendes a gozar do teu fillo”

“ Ser pais é unha tarefa difícil. Poder compartir as nosas inquiredanzas e experiencias con outras persoas na mesma situación, é moi reconfortante”

“Momento de tranquilidade, de resolución de dúbidas, de compartir de igual a igual problemas e complicacións cotiás que en ningún outro sitio podes comentar”

A opinión dos profesionais:

“Quero salientar a necesidade desta acción, así como a profesionalidade e bo facer dos técnicos da Fundación e a súa coordinación con outros profesionais”

As palabras desta educadora familiar son mostra da valoración dos moitos colaboradores cos que conta a Fundación Preescolar na Casa en toda Galicia.

Os/as profesionais do ámbito educativo (mestras/es, directores/as, educadores/as infantís...), sanitario (pediatras, enfermeiras/os, matronas) e sociocultural (concelleiras/os de servizos sociais, técnicos/as de cultura, de xuventude, psicólogos/as, educadoras/es familiares, pedagogas/os) manifestan unha satisfacción do 95% con dita colaboración e valoran altamente outros aspectos como

- A importancia do servizo para implicar ás familias no desenvolvemento e educación de nenos/as e nenas (100%)
- A prevención e tratamento de situacións especiais/difícultosas (98,4%)
- A facilidade para poñerse en contacto co orientador ou orientadora que traballa na área (94,2%)
- A motivación das familias no emprego dos servizos da comunidade (92,3%)
- A colaboración foi o que se esperaba e necesitaba (89,4%)
- Responde puntual e oportunamente ás demandas feitas (87,5%)

En definitiva, consideran o labor que desenvolve a Fundación Preescolar na Casa algo necesario para formar a sociedade do futuro en saberes e valores. Un servizo que apoia ás familias na crianza e educación dos fillos e fillas, na construción dunha sociedade máis humana e preparada para enfrontarse, de maneira crítica, aos retos que van xurdindo.

Nas súas verbas:

“As familias que teñen contacto e que asistiron a Preescolar na Casa entenden a educación dos fillos doutro xeito, participan máis no colexio e colaboran máis na educación dos seus fillos”
(Mestra)

“O servizo que presta a Fundación é moi enriquecedor, de tal xeito o amosan as numerosas familias que gozan del”
(Técnica de Xuventude)

“Estamos satisfeitos do trato coas familias, da evolución do programa e do xeito en que as familias reciben este traballo poñendo en contacto a os nenos/as e nenas das distintas parroquias do medio rural”
(Técnica de Cultura)

“Aconsellar aos pais sobre aspectos educativos, xera moita confianza, sobre todo nos pais novatos”
(Presidente dunha ANPA)

“Valorar a implicación e o papel das profesionais da Fundación cara a inserción familiar dos usuarios”
(Coordinadora Proxecto Home)

“ Destacar o enriquecemento interprofesional, ao contar con profesionais da educación cunha longa experiencia de traballo coas familias”
(Membro do Equipo de Atención Educativa das Escolas do Consorcio de Igualdade e Benestar)

O Servizo de Difusión

Xunto co Servizo de Orientación, a Fundación Preescolar na Casa desenvolve un Servizo de Difusión, que comprende toda unha serie de accións divulgativas. Entre elas están os programas de radio en diversas emisoras, un programa de televisión, a páxina web e a publicación da revista (Educar e Crecer).

Con este Servizo, a Fundación Preescolar na Casa quere difundir na sociedade unha cultura da infancia e reforzar a competencia educativa da familia. Ofrece á sociedade en xeral, e ás familias en particular, elementos para a reflexión e a acción educativa.

Son obxectivos deste Servizo:

- Apoiar e animar aos pais no ámbito da súa formación en educación infantil, reforzando os seus coñecementos e contribuíndo a que se anticipen ante o que pode suceder dentro do desenvolvemento evolutivo dos seus nenos.
- Involucrar a todos os membros da familia na educación dos nenos e nenas.
- Divulgar e servir de canle á cultura popular galega e, especialmente, ao idioma galego.
- Servir de medio para valorar o rural galego e axudar a que conserve a súa identidade.
- Favorecer o entendemento e a comunicación non só entre a familia, senón mesmo na comunidade onde esta vive e na súa relación con outras forzas sociais.

Preescolar na Casa na Televisión



“Parabéns. O programa é de grande interese para os pais dos nenos pequenos”
(Dra. Sagrario Maroto, oftalmóloga)

“Non tiveron ocasión de mirar o programa pero faláronme moi ben del, sorprendentemente moita máis xente do que me podía imaxinar, iso, sen dúbida é un bo baremo para o voso traballo”.
(Manuel Teira, artista)

“Polas miñas circunstancias, non teño a sorte de poder acudir ás reunións..., por iso, grazas, porque ver o programa apórtame moitas cousas e axúdame na educación das miñas fillas”
(Unha nai)

Estas palabras son unha mostra das moitas felicitacións enviadas por persoas que participan e ven o programa de televisión que a Fundación emite tódolos sábados na Televisión

de Galicia dende o ano 1992. Este ano realizáronse trinta e oito Espazos Educativos na televisión, marca absoluta de programas emitidos nun curso escolar.

Neses 38 programas emitidos, contouse cuns actores de excepción, 250 familias participantes nos distintos Espazos da Familia foron as protagonistas das distintas seccións do programa de televisión.

A sección de entrevistas contou coa presenza de profesionais do campo educativo, sanitario e social, incluíndo a membros do equipo da Fundación. O programa chega así a diversas esferas sociais adquirindo unha repercusión extra.

O programa pódese ver na Televisión de Galicia en todas as súas canles: canle convencional, Galicia Televisión Europa, Galicia Televisión América, G2 e na propia web, no apartado de Televisión á carta.

Preescolar na Casa na Radio



“ É un pracer estar aquí con vos porque dende os meus tempos de estudante sempre tiven admiración polo labor que desenvolvía PnC”

(Angeles Abelleira, mestra de infantil e coautora do blog Innovarte Educación Infantil)

“Felicitovos pola tarefa que estades a facer. Encantado de estar no mesmo barco”

(José Antonio Marina, escritor e filósofo)

Seguimos a estar presentes en diversas emisoras de radio locais (Radio Melide, Arzúa e Foz) e autonómica, con programas de distinta duración:

Radio Galega	Radio Quiroga
(domingos as 8:30 h.) 42 programas www.crtvg.es/ programas/?p=41&m=2	(martes as 12:30 h.) 42 programas
Radio Principal Cadena Ser Monforte/Vilalba	Radiofusión (Emuga)
(sábado as 13:45) 42 programas	(diario ás 12:50 h; 17:50 h; 21:30 h) 100 programas www.radiofusion.eu

As ondas radiofónicas chegan a tódolos fogares, a tódalas xentes sen distinción de sexo, idade e nivel cultural, o que converte a este medio nunha canle ideal de transmisión da nosa filosofía para a consecución dos nosos obxectivos: difundir na sociedade unha cultura da infancia.

A radio permite divulgar as mensaxes da Fundación, explicar a importancia que a familia ten como primeira e principal educadora dos nenos e nenas nestas primeiras idades. Utilizando un idioma, o galego, que aínda segue a ter escasa presenza nos medios de comunicación, e polo tanto valorando a nosa cultura e o medio no que nos desenvolvemos.

Os Espazos Educativos en Radio e Televisión serviron de altofalante a persoeiros referentes da educación e da infancia, nacionais e internacionais. Dende estes espazos contribuíron a valorar esa cultura da infancia:

- Beatriz Trueba. Formadora de Formadores. Madrid: "Espazos para os nenos".
- Manuel Veiga. Responsable de Formación. Cruz Vermella. Lugo: "Accidentes de tráfico" e "Accidentes no fogar".
- Xesús Vázquez. Conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria: "Educar na familia".
- A. García Teixeiro. Mestre e escritor: "Os nenos e a poesía" e "Ler dende pequenos".
- Miguel Ángel Arconada. Mestre do Ensino Secundario. Palencia: "A familia en tempos de crise", "Nenos e publicidade" e "Corresponsabilidade na Familia".
- Manuel Dios Díz. Presidente do Seminario Galego de Educación para a Paz: "A autoridade" e "Axentes educativos".
- Marta González. Secretaria Xeral de Igualdade: "Educar e Coeducar" e "Educar para previr a violencia de xénero".
- Paula Carbelleira. Actriz, escritora, contacontos: "Teatro no ar".

- Ismael García. Director da Revista Padres y Maestros: "Pais e Mestres".
- Manuel Teira Luaces. Artista: "A arte e os nenos".
- Sagrario Maroto. Oftalmóloga. Complexo Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela: "A visión dos nenos".
- Rosaura Leis. Pediatra. Complexo Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela: "Hábitos saudables I e II".
- Francisco Candia. Profesor. Escola Universitaria de Maxisterio. Lugo: "Educación non formal".
- Alexandre Sotelino. Estudante. Bolseiro da Universidade de Santiago de Compostela: "Entroido e identidade".
- Ana T.Jack. Psicóloga. Colaboradora de La Voz de la Escuela: "Fillos de pais separados" e "Estilos Educativos".
- Alejandrina Díaz. Mestra. Orientadora da Fundación Preescolar na Casa. Vilalba: "Un bo comezo".
- Bení Martínez. Matrona no Concello de Vilalba: "Coidados no embarazo" e "Lactación materna".
- Antonio Rodríguez Corbal. Mestre. Orientador da Fundación Preescolar na Casa. Ourense: "25 anos de Preescolar na Casa" e "Desenvolvemento rural".
- Ruth León. Mediadora intercultural. Asociación para a Promoción e Integración Xitana. Lugo.
- M^a Amparo López. Directora do C.E.I.P. San Xoán de Filgueira. Ferrol. A Coruña: "Entre todos, entre todas" e "Comunidade Educativa".
- Aurelia Balseiro. Directora Museo de Lugo: "Museos".
- Patricia Vázquez del Río. Xinecóloga: "Embarazo" e "Vivencias no embarazo".
- Ángela Torres. Psiquiatra. Complexo Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela: "Control de esfínteres" e "Sono infantil".
- Luis Vila. Psiquiatra. Hospital Xeral Calde de Lugo. "Arquitecturas da infancia".
- Anxo Lorenzo. Secretario Xeral Política Lingüística: "O Galego".
- Andrea Bayer e Oscar Ferreira. Actores. Compañía Galitoo: "Encontros Axoueres-Galitoo".
- Mario Salvador. Psicólogo. Director do Instituto Aleces. Lugo: "Apego".
- Juan Gaisse. Presidente. Asociación de Familias Adoptantes. Lugo: "Asociación familias adoptantes".

- Susa Herrera. Profesora. Área de Didáctica da expresión Musical. Facultade de Educación. Campus de Pontevedra. Universidade de Vigo: "Exposición corporal".
- Federico Menéndez Osorio. Psiquiatra: "A responsabilidade".
- Norminanda Montoya. Profesora. Departamento de Comunicación Audiovisual e Publicidade. Universidade Autónoma de Barcelona: "A Publicidade".
- Carmen Díaz. Psicóloga. Profesora de Psicología Evolutiva. Escola Universitaria de Maxisterio. Lugo: "Nenos con outros nenos".
- Francisca Fariña. Catedrática de Psicología. Universidade de Vigo. Coordinadora do programa "Ruptura de parella, non de familia" (Concello de Santiago de Compostela e Universidade de Santiago de Compostela).
- Manuela Raposo. Profesora. Departamento de Didáctica, Organización Escolar e Métodos de Investigación. Facultade de Maxisterio. Campus de Ourense. Universidade de Vigo: "Nenos e televisión".
- Rosa María Ortiz. Membro do Comité de Dereitos dos Nenos: "Comité Dereitos dos nenos da ONU".
- Ramiro Álvarez. Psicólogo e Mestre do Ensino Secundario: "Creatividade".
- Modesta Cancela. Cociñeira. Escola Infantil Elviña. A Coruña: "Cociña para nenos".
- Xosé Ramón Fernández Lorenzo. Xefe de Sección Servizo Neonatoloxía. Complexo Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela: "Prematuros".
- Nieves Pastor. Pediatra Atención Primaria. Centro de Saúde Illas Canarias. Lugo: "Os primeiros alimentos".
- Xulia Fernández. Pedagoga. Mestra Aula Hospitalaria. Hospital Xeral Cies.Vigo: "Educación emocional no Cies".
- Octavio Villazala. Especialista en Educación canina. Xerente Residencia canina Montegato. Oza dos Ríos. A Coruña: "Nenos e animais".
- Santiago Prado. Mestre. Antropólogo e autor do estudo "Novas minorías educativas. O alumnado do rural na terra de Melide": "Educación e Rural".
- Manolo Panforretero. Mestre. Músico: "Música e sons con obxectos cotiás".
- Alfredo Hoyuelos. Doutor en Filosofía e Ciencias da Educación. Responsable dos talleres das Escolas Infantís Municipais. Pamplona: "Modelo Educativo Reggio Emilia".
- Lourdes Maceiras. Profesora da Área de Medicina Preventiva e Saúde Pública. Universidade de Vigo. Presidenta Asociación Galega Educación para a Saúde: "Educación para a Saúde".
- Francisco de Heredia. Psicóloga. Especialista en Psicomotricidade: "Psicomotricidade".

- María Dolores Domínguez. Psiquiatra. Profesora na Universidade de Santiago de Compostela: "O Sono".
- Elena Pernas. Directora Bibliotecas Municipais. Concello de A Coruña: "Bebeteca".
- Toño Núñez. Mestre. Escritor: "Primeiros lectores".
- Olalla Martínez Rubin. Psicóloga. Asesora centro Educación Afectivo Sexual "Quérote": "Educación sexual".
- José Antonio Marina. Escritor. Filósofo: "Universidade de Pais".
- Bieito Silva. Coordinador Filoloxías. Máster de Formación de Profesorado. Universidade da Santiago de Compostela; Jose Manuel Vez. Profesor Departamento Filoloxía Galega. Facultade de Filoloxía USC. Director do Observatorio Atrium Linguarum do Instituto de Ciencias da Educación da USC; Isabel Fraga. Profesora de Psicología. Coordinadora do grupo de investigación "Procesos Cognitivos e Conduta; Carlos Acuña. Catedrático de Filoloxía inglesa. Facultade de Filoloxía Inglesa na USC: " Ensino e Lingua"
- María Yáñez e Marta Viso. Logopedas e autoras do volume "Xogando cos sons": "Dificultades articulatorias"
- Jacobo Fernández, José Tomás e Marta Álvarez. Ilustradores de libros infantís: "Ilustradores de libros".
- Manuel Carreiras. Director do Centro de Investigación en Neurociencias (Euskadi). Especialista en Desenvolvemento da Linguaxe: "Adquisición da lectura".
- Roberto Fernández. Pediatra de Atención primaria e autor de "El arte de ser padres sensatos en la enfermedad": "Os pais ante a enfermidade".
- Jorge Alcalde. Director da revista QUO e autor de "Te necesito papá": "Paternidade".
- Joan Doménech. Mestre. Director da Escola Pública Lluís Millet. Santa Coloma de Gramanet e autor do libro "Elogio de la educación lenta": "Educación lenta".
- Celia Armesto e Ana Isabel Torres. Psicóloga e Pedagoga. Coordinadoras Pedagóxicas da Fundación Preescolar na Casa: "Reggio Emilia".
- Patricia Izquierdo. Membro da Asociación de apoio a lactación: "Bico de Leite": "Extracción e conservación do leite materno".
- Nieves López. Profesora do Ciclo de Técnico en Educación Infantil. IES Politécnico. Lugo: "Educación do Social".
- Sabela Labraña. Mestra. Licenciada en Filoloxía Románica. Coordinadora do Proxecto "Galauda": "Diversidade Lingüística".
- Pablo Meira. Profesor do Departamento de teoría da Educación Social e Pedagogía Social. USC e Ramsés Pérez. Coordinador do Programa de Educación Ambiental "ADEGA": "Educación Ambiental".

• Jorge Díaz. Director Colexio Público “A Pontenova”. Lugo e Oscar García. Director Colexio Público Riotorto. Lugo: “Preparamos a entrada na escola”.

• Ermitas Fernández. Vicepresidenta da Universidade Rural Galega e Presidenta da Fundación Preescolar na Casa e Paula Ares. Voceira da Universidade Rural Galega: “ A Universidade Rural Galega”.

• Angeles Abelleira. Mestra. Especialista en Educación Infantil. Coautora do blog “Innovarte Educación Infantil”: Educación Infantil”.



Preescolar na Casa na rede: a páxina web



A páxina web da Fundación Preescolar na Casa estrea nova imaxe e novas seccións. Unha páxina máis intuitiva, que pretende dar cabida a todos aqueles destinatarios que non participan de maneira presencial nos Servizos da Fundación. Esta páxina máis axustada aos novos servizos, máis dinámica e participativa, con acceso a un blog e a unha rede social, permite estreitar os lazos entre todos os que conforman a Fundación Preescolar na Casa e os usuarios dos servizos.

Publicacións



Educar e crecer

Unha revista para pais e nais con novo deseño, novos contidos e ata novo título: “Educar e crecer”. Unha revista que trata temas relacionados co desenvolvemento dos nenos e a súa educación.

A revista, gratuíta, é facilitada aos usuarios dos servizos e ás persoas e entidades interesadas.



Conversas educativas: unha contribución á cultura da infancia

Segundo volume da serie “Conversas Educativas” compilación de entrevistas realizadas a persoas relevantes do mundo da infancia e da educación.

Carpeta formativa. Aventura de crecer, desafío de educar

Catro novos trípticos sobre as temáticas que se abordan nos distintos Espazos das Familias:

- Arrolín, arrolán. O valor da música.
- Déixame tocar.
- Toco, proba, ulo...aprendo.
- Desprázome só.



Memoria curso 08-09

Memoria das actividades desenvolvidas pola Fundación Preescolar na Casa no curso 2008-2009.

Participación en Mesas e Plataformas:

Mesa do Rural

A Mesa de Educación no Rural foi creada para analizar, debater e formular propostas que incidan na mellora educativa do medio rural e dos servizos educativos que nel se oferten.

A Fundación Preescolar na Casa segue a ser membro desta Mesa xunto aos sindicatos CCOO, CIG, CSI-CSIF, STEG e UXT, os Movementos de Renovación Pedagóxica (Asociación Sociopedagóxica Galega, Nova Escola Galega) e a Coordinadora de Centros Rurais Agrupados (CRAs.).

A Mesa desenvolveu as seguintes accións:

- Seguimento do estipulado no acordo de agrupamentos de infantil e primaria para os efectos de constitución de unidades.
- Escrito en contra da supresión de comedores escolares nas escolas do rural, dado que estes teñen un compoñente educativo que hai que aproveitar.
- Escrito dirixido ao Secretario Xeral de Política Lingüística, Anxo Lorenzo, á prensa e á Presidencia en contra do decreto do galego.
- Avánzase para que nos novos currículos da Universidade teñan cabida dúas materias optativas no 1º cuatrimestre para Educación Infantil e Primaria: “Educación en contextos rurais” e “Escola rural de Galicia”.
- Escrito de defensa da Escola de Lago (Valdoviño).

Universidade Rural Galega

A Universidade Rural Galega colabora na recuperación, conservación e difusión dos saberes tradicionais do medio rural, pór en valor as iniciativas de recollida, conservación e difusión das tradicións rurais, favorecer o recoñecemento e dignificación do medio rural e da súa historia, facer chegar á sociedade toda a riqueza persoal, grupal e etnográfica do medio rural, e ser unha rede que facilite a intercomunicación de todos os grupos que cren na dignidade e no futuro do rural.

A Fundación Preescolar na Casa, é membro da Universidade Rural Galega xunto a Incodega, Euroeume, A Cova da Terra, Xermolos, C.D.R Ancares, Movemento Rural Cristián, Colectivo Pedagóxico Estiño, Sindicato Labrego, C.D.R O Viso, Papaventos, Colexio de Veterinarios e Veterinarias de A Coruña e distintos interesados a nivel individual.

Dos distintos acontecementos que no seo da mesma tiveron lugar, destácase, pola vinculación directa coa Fundación:

- Nomeamento como vicepresidenta da Universidade Rural Galega a Ermitas Fernández, presidenta da Fundación Preescolar na Casa.
- Participación no I Encontro de dinamizadores e dinamizadoras do Mundo Rural: “Fendas de luz e sombras das intervencións no mundo rural” organizado pola Universidade Rural Do Eume, Universidade Rural Galega e patrocinado polo Xacobeo. Neste encontro saíron principios filosóficos que defende a Fundación: lingua, tradicións e saberes presentes no medio rural

Tecendo Redes

A Fundación Preescolar na Casa xunto a outras entidades formou parte do equipo asesor do Programa Tecendo Redes posto en marcha pola Secretaría Xeral da Igualdade da Vicepresidencia da Igualdade e Benestar, e xestionado e desenvolvido polo Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, para elaborar un Documento Marco sobre a educación familiar.



Para elaborar dito documento contouse coa participación dun gran número de educadoras familiares de toda Galicia, coordinadas polo equipo de Tecendo Redes, a través das Oficinas de Igualdade e Benestar (I+B).

O Documento Marco que senta as bases da Educación Familiar en Galicia, foi facilitado ás educadoras familiares, persoal técnico de servizos sociais comunitarios e políticos, así como ao equipo da Fundación Preescolar na Casa

Accións de Difusión

Co obxecto de difundir unha cultura da infancia a Fundación Preescolar na Casa participou en diferentes foros e plataformas relacionadas co mundo da educación. Foros que permitiron expoñer a súa filosofía de traballo, a súa concepción da infancia e a súa aposta pola mellora da competencia educativa da familia.

Das demandas que chegan á Fundación, atendeuse ao 100% das mesmas, a través do correo electrónico, ou acudindo alí onde a Fundación foi convidada. Destacamos as seguintes :

Presenza en Foros e Revistas educativas



- Mesa “Dinamización da lingua galega en contextos socioeducativos”. Universidade de A Coruña. Novembro 2009.
- Xornadas sobre “Parentalidade positiva”. Ministerio de Sanidade e Política Social. Madrid. Decembro 2009.
- Foro Televisión e Educación: Idoneidade da programación Infantil”. Fundación María José Jove. A Coruña. Febreiro 2010

- Revista Galega do Ensino nº 58. Xaneiro 2010: “Preescolar na Casa: Historia dunha atinada intuición”
- Revistas Galega do Ensino nº 58. Xaneiro 2010: Entrevista a catro bandas. “Como educar no mundo dixital?”.
- Revista Dixital Universidade de País. Xaneiro 2010: “A aventura de crecer, o desafío de educar”.
- Aula de Infantil nº 54. Marzo/Abril 2010 :”¿Qué valoras más de tu profesión?”.
- “A violencia de xénero”. Novembro 2009. Proxecto Home. Lugo.
- “Estimulación Temperá”. Decembro 2009. Asociación Sociopedagóxica Galega (ASPG). Baamonde, Becerreá e Vilalba (Lugo).
- “Educar en igualdade”. Febreiro 2010. Asociación Sociopedagóxica Galega (ASPG). Sarria (Lugo)
- “A Comunicación e participación das familias nos centros educativos 0-3”. Novembro 2009. Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar. O Grove (Pontevedra).

Presentación das Accións da Fundación

- Proxecto Home. Lugo. Novembro 2009.
- IES Sofía Casanova. Ferrol (A Coruña). Abril 2010.
- Escola Universitaria de Maxisterio. Lugo. Abril 2010.

A Fundación nos Medios

- Programa “Bos días”. Magazine matutino da Televisión Galega dedicado a Preescolar na Casa. Setembro 2009.
- Programa “Vivir aquí”. Espazo nocturno da Televisión Galega onde se falou dos Espazos das Familias da Fundación Preescolar na Casa. Marzo 2010.
- Saídas na Prensa escrita. Un total de 59 comunicados sobre distintas actividades da Fundación Preescolar na Casa.

Os Recoñecementos

“Sodes un dos servizos de maior e mellor calidade educativa e humana neste país, por isto é imprescindible a vosa continuidade”

As palabras deste colaborador referenda o valor de ofertar un traballo de calidade cunha proposta de valor que nos diferencia doutros servizos: Espazos e tempos de aprendizaxe compartido entre pais e fillos coa axuda dun profesional de educación.

Este estilo de proceder e de saber facer é recoñecido e valorado por outros profesionais, como reflicten distintos documentos e publicacións:





- **“Aproximación diagnóstica aos Programas de Educación Familiar e ás necesidades socioeducativas das familias en Galicia”.** Equipo Tecendo Redes. 2009. Inserir imaxe portada documento aprox. diagnóstica

“O programa Preescolar na Casa aparece como un dos mellor valorados tanto pola súa actividade como pola súa metodoloxía centrada na prevención. Precisamente este tipo de programas preventivos son os que mellor se valoran, pero facendo referencia á necesidade de estabilidade”
(Os recursos mellor valorados, Páx.9).



- **“Historia y perspectiva actual de la educación infantil”**
AA.VV. Editorial Graó. 2010.

“Son muchas las experiencias interesantes desde el punto de vista pedagógico que se desarrollan actualmente en el ámbito de la educación infantil...”
(Algunos modelos actuales de educación infantil. Preescolar na Casa, Páx. 342-347).



A comezos de curso, con data do 1 de decembro de 2009, a Fundación recibe un recoñecemento máis co Selo de Compromiso cara a Excelencia Europea 200+ polo seu sistema de xestión, seguindo os criterios do modelo EFQM de Excelencia (Fundación Europea para a Xestión de Calidade),

O modelo EFQM avalía as organizacións atendendo á eficacia no desenvolvemento da misión, á xestión dos recursos e á planificación dos procesos. Segundo o informe do Club de Excelencia, só 12 entidades máis obtiveron este recoñecemento, converténdose así a Fundación Preescolar na Casa nun referente, non só dentro do ámbito social senón tamén no de calidade.



O certificado recoñece a capacidade da Fundación Preescolar na Casa para deseñar e aplicar estratexias que reforzan a competencia educativa das familias e contribúan a unha cultura da infancia.

Todos estes recoñecementos obrígnanos a seguir traballando con calidade a prol da formación de pais e nais en educación infantil.

*“A recompensa do traballo ben feito é a oportunidade de
facer máis traballo ben feito”*
(Jonas Edward Salk, investigador médico)


O Finanzamento

“As inversións en educación durante a primeira infancia son moito máis rendibles que aquelas que se realizan en etapas posteriores da vida”.

“As inversións que se realizan nestes primeiros anos asimílanse a crear un fondo de investimentos que segue crescendo naturalmente polo resto da vida”
(James Heckman, Premio Nobel de Economía 2003)


Investir en programas para a primeira infancia aporta beneficios aos nenos, ás familias e a sociedade. O traballo cos pais e a clave para mellorar o porvir dos nenos e das nenas. Investir nos programas para a primeira infancia, é unha medida intelixente dos gobernos, é unha política educativa eficaz.

Para o desenvolvemento dos diferentes Espazos Educativos a Fundación Preescolar na Casa conta coas seguintes achegas:



Dirección Xeral de Benestar	41%
Ministerio de Sanidad, Política Social e Igualdad	28%
Dirección Xeral de Fomento de Empleo	16%
Dirección Xeral de Política Lingüística	7%
Dirección Xeral de Innovación Educativa	6%
Dirección Xeral da Igualdade	1%
Concello de Lugo	1%

Estas achegas son distribuídas segundo a gráfica



O 63% destínase a custear o Servizo de Orientación a Familias, eixe vertebrador do resto das accións desenvolvidas pola Fundación

Apoiar os Espazos Educativos da Fundación Preescolar na Casa é apoiar o exercicio dunha parentalidade positiva.

As verbas dalgún dos nosos financiadores avalan esta afirmación:

“ Non nacemos pais e nais, senón que nos temos que ir construíndo pouco a pouco. É máis efectiva a intervención con pais e nenos xuntos e non con eles por separado”
(Carme Basadre. Concelleira de Benestar. Concello de Lugo)

“O feito de que exista desde hai tantos anos é indicativo de que está cubrindo unha necesidade”
(Anxo Lorenzo. Secretario Xeral de Política Lingüística)

“ O noso compromiso e apoio aínda en momentos de crise, porque nestes momentos hai que apoiar á familia. Esperamos traballar todos xuntos”
(Susana Abella. Directora Xeral de Benestar)

Os Financiadores

A Fundación Preescolar na Casa recibiu para o desenvolvemento de todas estas accións o financiamento e a colaboración das administracións públicas, entidades financeiras e institucións privadas, que detallamos a continuación:

Financiadores:



**XUNTA
DE GALICIA**

- Secretaría Xeral de Familia e Benestar
- Dirección Xeral de Promoción de Emprego
- Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa
- Secretaría Xeral de Política Lingüística
- Secretaría Xeral da Igualdade



GOBIERNO
DE ESPAÑA

MINISTERIO
DE SANIDAD, POLÍTICA SOCIAL
E IGUALDAD



Concello de Lugo

Colaboradores:



Colaboradores:

Radio Municipal de Quiroga



Queremos agradecerlles a todas eles a confianza depositada na Fundación Preescolar na Casa.

Grazas por avalar os Espazos Educativos cos que se pretende apoiar ás familias na aventura de crecer, no desafío de educar.

Na Mellora Continua...

Coa presenza da mellora continua na estratexia da Fundación Preescolar na Casa, cómpre facer o balance, non só a través do realizado senón tomando consciencia do que queda por facer sen perder de vista **a proposta de valor** que nos identifica ao tempo que diferenza dos demais: **mellorar a atención á infancia a través de servizos educativos de calidade baseados na construción de aprendizaxes compartidos entre familia, infancia e profesionais.**

O curso 2009-2010 marcou o inicio dunha nova etapa dentro da Fundación dirixida a ampliar servizos, a facer máis e facelo mellor. Foi un ano dedicado ao estudo de cómo ampliar accións, de abrir novas posibilidades educativas a outros destinatarios, novos colectivos de familias, novos grupos de interese, de busca de fórmulas que consoliden o realizado ata agora e garantan o que queda por facer.

Como resultado deste estudo, defínense unha serie de aspectos que determinarán as actuacións dos vindeiros anos. Aspectos que teñen que ver,

- **coa diversificación dos servizos.** A análise do contexto indícanos que debemos achegar os servizos a outros destinatarios. Ademais de que nolo deixe entrever a realidade que estamos a vivir, temos a opinión neste sentido do 85% dos colaboradores e do 71 % das familias consultadas. E non só ampliar a novos destinatarios, senón tamén a frecuencia: o 33% das familias consultadas demandan que os Espazos das Familias teñan unha frecuencia semanal.

- **coa comunicación externa,** coa vinculación da imaxe da Fundación a un referente -en Galicia e fóra de Galicia- da promoción da parentalidade positiva. Debemos mellorar a imaxe da Fundación, a visibilidade do que somos e facemos.

- **coa sustentabilidade.** En tempos de crise, esta acción tórnase máis complicada; garantir a continuidade de servizos que a sociedade demanda pero para os que non contempla financiamento específico, resulta unha tarefa laboriosa que non sempre se resolve positivamente. En calquera caso, o afianzamento da estrutura organizativa así como, o desenvolvemento de actuacións baixo parámetros de calidade, serán premisas esenciais que a Fundación deberá seguir contemplando para conseguir o resto.

Queda moito traballo por diante. As familias seguen a demandar tempos compartidos de crianza e apoios nesta tarefa. A sociedade o precisa. No ánimo da Fundación está darlles resposta dun ou doutro xeito.

Concluimos esta memoria co desexo de ter contribuído a que dedicaredes un tempo a pensar na infancia, a mirala e atendela desde outras perspectivas.



Grazas por querer coñecernos, por querer saber máis da

Fundación Preescolar na Casa.

